

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 51/2024, de data 22.01.2024, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

Asunto: LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS CORRESPONDENTE A OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022

EXPEDIENTE: 2023/E001/000010; 2023/G003/001400; 2024/G003/000009

A través da Resolución da Alcaldía núm. 1060/2023, do 11 de outubro, aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos incluída na OEP do ano 2022.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 200, do 19.10.2023); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 208, do 02.11.2023) e no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 272, do 14.11.2023). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 04.12.2023, incluído.

Mediante Resolución da Alcaldía 1323/2023 do 5 de decembro aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 02.01.2024.

Durante o dito prazo presentaron emendas Jacobo Pena Pose (achegou anexo I e título), Carlos Sobrino Suárez (achegou reverso de titulación) e Alberto Torres Sanmartin (achegou xustificante Celga) respectivamente.

A vista do que antecede, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas que se relaciona a continuación:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 4 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	AMIL LAREO, IGNACIO	***2826**	SI	
2.	ARES FERNANDEZ, PATRICIA	***2808**	SI	
3.	CASTRILLON MANSO, JOSE ANTONIO	***9554**	SI	
4.	IGLESIAS FERNÁNDEZ, Araceli	***8761**	SI	
5.	LÓPEZ ALONSO, Manuel	***4937**	SI	
6.	MACEIRAS RIOS, Victor	***8386**	SI	
7.	MERA RICO, Inés	***9996**	SI	
8.	MESURA ÁLVAREZ, Javier	***3005**	SI	
9.	ORTIZ MOLINA ,GONZALO	***3605**	SI	
10.	PENA POSSE, Jacobo	***4868**	SI	
11.	RODRIGUEZ SISO, BRUNO	***1727**	SI	
12.	SOBRINO SUÁREZ, Carlos	***6243**	SI	
13.	SOUTO MUIÑO, OSCAR	***1771**	SI	
14.	TORRES SANMARTIN, Alberto	***6112**	SI	
15.	VALLADARES LÓPEZ, Leticia	***1087**	SI	
16.	VALLADARES LÓPEZ,Natalia	**1088**	SI	

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE/A

TITULAR: Pablo Rodríguez-Vellando Fernández-Carvajal. Profesor titular e subdirector da ETS de enxeñeiro/as de camiños, canles e portos da Universidade da Coruña.

SUPLENTE: M^a Isabel Martínez Lage, directora da ETS de enxeñeiro/as de camiños, canles e portos da Universidade da Coruña.

VOGAIS

TITULAR: M.^a Teresa Fernández Alonso, arquitecta da Deputación Provincial da Coruña.

SUPLENTE: Carmen Ruíz Alarcón, arquitecta da Deputación Provincial da Coruña.

TITULAR: Manuel Varela Mariño, enxeñeiro de obras do Concello de Arteixo.

SUPLENTE: Marta Gómez Fernández, arquitecta do Concello de Pontedeume.

TITULAR: Roberto Arias Sánchez, enxeñeiro de camiños, canles e portos da Xunta de Galicia.

SUPLENTE: Ana Ramos Ramos, Lamas, funcionaria da administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria do Concello de Pontedeume.

SECRETARIO/A

TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, funcionaria da administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria do Concello de Fene.

SUPLENTE: Adrián Juan Márquez Caramés, funcionario da administración local con habilitación de carácter nacional. Secretario do Concello de Betanzos.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal a súa sesión constitutiva que terá lugar o día 30.01.2024 ás 9.00 h mediante sesión telemática.

CUARTO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, antes a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe”.

En Fene, asinado dixitalmente o 22.01.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey

2024/463